

INFORME ANUAL 2022 DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS ACORDOS APROBADOS NO PARLAMENTO DE GALICIA NA XI LEGISLATURA

O control da acción do goberno polo Parlamento é un dos piares fundamentais sobre os que se sustenta o estado de dereito e a esencia mesma da democracia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 10.1 as funcións que lle corresponden ao Parlamento de Galicia sinalando como unha delas no seu apartado b) a de "controlar a acción executiva da Xunta".

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no seu artigo 19, relativo á información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia, establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.


O fin último e principal obxectivo desta Lei 1/2016 é dar cumprimento a un deber fundamental, encomendado polo Estatuto de Autonomía de Galicia, que é o de facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política.

Un dos principios reitores da Lei de transparencia de Galicia é o de publicidade activa como medio para fomentar o exercicio da cidadanía do seu dereito fundamental á participación e ao control sobre os asuntos públicos. Calquera control público da actividade das institucións debe ser un obxectivo a cumprir por todas as administracións e un reto para todas as institucións.

Pola súa banda, o Regulamento do Parlamento de Galicia dedica o Título XI á regulación das proposicións non de lei (artigos 160 a 162) e o artigo 151 do Título X ás mocións subseguintes ás interpelacións, iniciativas de impulso das que emanan a meirande parte dos acordos que adopta o Parlamento e que atinxen ás competencias da Xunta de Galicia.

En consecuencia, neste contexto e en cumprimento da normativa vixente, emítese na Comunidade Autónoma de Galicia o presente informe referido aos acordos adoptados polo Parlamento no pasado ano 2022, no que respecta ás Proposicións Non de Lei e ás Mocións aprobadas.


No devandito ano 2022 resultaron aprobados un **total de 233 acordos**, tanto en sesións plenarias como nas distintas Comisións parlamentarias, o 70,39% por unanimidade de todos os Grupos parlamentarios.



VOTACIÓN	APROBADAS	PORCENTAXE
Por unanimidade	164	70,39 %
Por maioría	69	29,61 %
TOTAL	233	100 %

Exponse a continuación un detalle dos acordos aprobados, segundo o grupo parlamentario que promoveu o seu impulso:

AUTORES	EN PLENO	EN COMISIÓN	TOTAL	% SOBRE O TOTAL APROBADAS
PdeG	37	104	141	60,52 %
SdeG	15	29	92	39,48 %
BNG	11	36		
PdeG + SdeG + BNG	1			
TOTAL APROBADAS	64	169	233	100,00 %



Cómpre indicar que está dispoñible no Portal de Transparencia a relación de todos os acordos aprobados, na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/outras-organizacions/relacions-xunta-parlamento>.

Do total de 233 acordos aprobados nas sesións parlamentarias celebradas durante os dous períodos de sesión do ano 2022 **na data de elaboración do presente informe están cumpridos ou en proceso de cumprimento un total de 219**, o que reflicta este grao de cumprimento é unha porcentaxe **93,99%**. O compromiso do Goberno galego é dar cumprimento á totalidade dos acordos acadados no Parlamento de Galicia.


Da análise do contido dos acordos parlamentarios acadados neste ano 2022 e tendo en conta a temática abordada neles, cómpre subliñar a destacada presenza daqueles referidos ao apoio aos distintos sectores produtivos con especial incidencia no desenvolvemento rural e actividades agrogandeiras e forestais, actividades pesqueiras e do mar, sectores naval e enerxético, turismo, comercio e artesanía..., así como á dinamización industrial e á protección do emprego en Galicia. Un total de 75 acordos aprobados, sendo o nivel de cumprimento neste ámbito do 97,33%.

Subliñar en segundo lugar os acordos adoptados en materias vinculadas á sanidade e á saúde pública, un total de 31. Neste ámbito o grao de cumprimento, ou en proceso, dos acordos acada o 100%

Particular relevancia teñen, os 21 acordos adoptados en materias vinculadas ao desenvolvemento de infraestruturas de abastecemento e de comunicación, impulso da mobilidade e da seguridade viaria. Neste ámbito, o grao de cumprimento dos acordos acadada o 100%.

A continuación inclúese un cadro e unha gráfica dos acordos acadados segundo a temática que abordan.

ACORDOS PARLAMENTARIOS SEGUNDO TEMÁTICA	APROBADOS		GRAO CUMPRIMENTO
	N.º	%	%
Apoio a os sectores produtivos, dinamización industrial e protección do emprego	75	32,19	97,33
Cooperación exterior	10	4,29	100,00
Administración de xustiza	8	3,43	75,00
Cultura, patrimonio e defensa da lingua	12	5,15	83,33
Familia e infancia, dependencia e discapacidade	17	7,30	94,12
Educación	8	3,43	0,00
Impulso da transparencia, facenda e contratación pública, función pública	13	5,58	92,31
Infraestruturas de abastecemento, de comunicación e mobilidade, telecomunicacións	21	9,01	100,00
Apoio ao sector turístico	6	2,58	33,33
Igualdade e loita contra a violencia de xénero	8	3,43	87,50
Protección do medio ambiente, ordenación urbanística e vivenda	13	5,58	92,31
Pensións e prestacións	6	2,58	100,00
Sanidade e saúde pública	31	13,30	100,00
Outros	5	2,15	100,00
TOTAIS	233	100	93,99



Finalmente, cómpre ter en conta que aínda que os acordos parlamentarios diríxense á Xunta de Galicia como instancia de impulso, non sempre é a autonómica a administración responsable final da execución das propostas, de acordo ás competencias que ten asumidas.

Así, mais do trinta e sete por cento dos acordos (37,34%) veñen referidos a competencias de xestión correspondente ao Goberno do Estado. O 51,07% corresponde á Xunta de Galicia e nun 11,59% dos casos, as responsabilidades son compartidas, implicando ás distintas administracións (Xunta de Galicia, Goberno do Estado, Unión Europea, Parlamento ou Administración local). No seguinte cadro indícase o grao de cumprimento referido as actuacións da Xunta de Galicia.

PROPOSICIÓNS NON DE LEI E MOCIÓNS APROBADAS (pola administración ou entidade á que se insta)				
Entidade	Aprobadas	Porcentaxe	Cumpridas/ proceso	Porcentaxe
Xunta de Galicia	119	51,07 %	109	46,78 %
Goberno central	87	37,34 %	83	35,62 %
Administración local	2	0,86 %	2	0,86 %
Compartidas	21	9,01 %	21	9,01 %
Outras entidades	4	1,72 %	4	1,72 %
Total	233	100 %	219	93,99 %